

NOVAS DE PRENSA

ANO 2007

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Habilitado o catálogo en liña da hemeroteca

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 10 XANEIRO 2007

As publicacións periódicas especializadas constitúen de cotío unha importantísima canle de divulgación na que moitos investigadores publican os traballos que, por diferentes motivos, non acadan a súa edición como monografías.

O fondo da Hemeroteca, que na actualidade inclúe preto de 400 títulos, é froito dun traballo iniciado a finais dos anos 90 consistente, en principio, na recuperación, clasificación e ordenación de todas as publicacións periódicas xa existentes na institución.

A partir do ano 2000, os esforzos céntranse fundamentalmente en dous aspectos:

- Incentivar a política de adquisicións (compra, doazóns, intercambio) co claro obxectivo de poder ofrecerlles ós usuarios a meirande parte posible das publicacións periódicas referentes á nosa comunidade autónoma, en xeral, e á provincia de Pontevedra, en particular.
- Habilitar unha base de datos que proporcione ós investigadores a referencia bibliográfica de todos aqueles traballos que se atopan nos sumarios das diferentes revistas e que xeralmente non poden ser atopados nos habituais catálogos ou buscadores de monografías.

O resultado é un catálogo en liña que permite visualizar a listaxe completa das publicacións dispoñibles, os sumarios de cada unha delas e realizar buscas por verba clave dentro de todo-los sumarios.

Todo o material do fondo está disponible para os investigadores na Biblioteca, e entre os seus títulos atópanse os das principais revistas que se ocupan do estudo da nosa comunidade autónoma dende os diferentes puntos de vista (antropolóxico, histórico, literario, lingüístico, etc.), como por exemplo **Anuario de Estudios Literarios Galegos**, **Boletín Auriense**, **Boletín Galego de Literatura**, **Brigantium**, **El extramundi y los Papeles de Iria Flavia**, **Grial**, **Industrias Pesqueras**, **Minerva**, **Minius**, **Moenia**, **Murguía**, **A Nosa Terra**, **Obradoiro de Historia Moderna**, **Pontenova**, **Pontevedra**, **Quintana ou Sémata**.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Intensa actividade da biblioteca durante o ano 2006

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 XANEIRO 2007

Durante o ano 2006 a Biblioteca Suárez Llanos centrou a súa actividade en catro aspectos principais: a adquisición de novo material bibliográfico, o establecemento de intercambio bibliográfico con diferentes institucións tanto públicas coma privadas, o préstamo a domicilio e consulta en sala e mais a activación do catálogo en liña (Fondo de Galicia).

O fondo bibliográfico incrementouse cun total de 862 novos títulos, dos cales un 65 % foi adquirido mediante compra, un 20 % a través de intercambio, un 10 % mediante doazóns e un 5 % corresponde á producción editorial da propia institución provincial.

O maior volume de adquisicións corresponde a títulos que percorren os diferentes eidos culturais de Galicia: "Galicia de conto", "Arbores de Galicia", "El Liceo Casino de Pontevedra", "Flora da Illa de Ons" ou "Tui, presente, pasado y futuro". Por outra banda, a biblioteca formalizou un considerábel número de subsrcipcións a diferentes publicacións de carácter periódico, coma por exemplo "Tempos novos", "Arte y parte", "Archivamos", "Tabula" ou "El Extramundi y los papeles de Iria Flavia".

En canto ós intercambios, durante o pasado ano regularizáronse os seguintes: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), Fundación Valle-Inclán (Santiago de Compostela), Grupo Marcelo Macías do Grupo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Real Academia Galega, Revista Minius (Universidade de Vigo) e Biblioteca do Concello de Pontedeume.

O volume de préstamos e consultas na sala ascendeu a un total de 771 no primeiro caso e 960 no segundo.

O catálogo en liña permite acceder a toda a información dispoñible no Fondo "Galicia", posibilitando a realización de buscas seguindo diversos criterios e a visualización dos resultados que arroxan ditas buscas. Proporciona información do material existente e a súa situación topográfica na biblioteca a través de fichas bibliográficas, elaboradas tanto en formato ISBD coma en formato etiquetado.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

La Voz de Galicia

lavozdegalicia.es

El tesoro está en el sótano

28/01/2007 | Pontevedra

Reportaje | Las salas bibliográficas de la ciudad

Sus actuales estrecheces no hacen justicia a la colección que alberga la Biblioteca Suárez Llanos, que se instalará en el Antiguo Hogar cuando finalice la rehabilitación de este edificio


María Conde | pontevedra

 VOLVER

Acumula ya 65 años de historia, pero hágase una pregunta: ¿Cuántas veces ha solicitado un libro de préstamo en la biblioteca de la Diputación Provincial? Ciertamente, son los investigadores o estudiantes, y entre estos últimos los de oposiciones, los que mejor conocen el tesoro que se esconde en los bajos del Pazo Provincial.

En total, el volumen de préstamos de la sala ascendió a 771 el pasado año, mientras que el de consultas fue de 960, una cifra que podría parecer exigua, pero que tiene mucho que ver con esa ubicación y que, a buen seguro, aumentará cuando este servicio, el principal del patrimonio bibliográfico del organismo provincial, se instale en el nuevo edificio de la manzana del Antiguo Hogar, cuyas obras de rehabilitación se prevé que finalicen en abril o mayo.

La institución creó oficialmente estas dependencias en septiembre del año 1941, facultando a la presidencia para adquirir los libros básicos para la formación de la biblioteca. Su primer responsable se llamó Villamil y, según cuenta la web de la Diputación (www.depontevedra.es), con su marcha en 1955 «o abandono da biblioteca foi absoluto e o extravío de volumes aumentou», hasta que después en 1977 se hizo cargo de las dependencias Miguel Pereira, que sigue actualmente en el cargo. Previamente, en el año 59, fue cuando se decidió su denominación como Biblioteca Suárez-Llanos. Fue en los ochenta cuando se afianzaron las bases de este servicio, tanto en adquisición de fondos como en contactos con otras instituciones, hasta llegar a los cerca de 20.000 volúmenes de que dispone en la actualidad. El fuerte de estos fondos es el referido a Galicia (en concreto más de 7.000 volúmenes), una sección a la que se ha dado, según la web, un mayor



RAMÓN LEIRO

... Publicidad ...

impulso en los últimos tiempos, con el fin de poder disponer de la mayor parte de la producción editorial de la comunidad y, en especial, de la provincia pontevedresa.

Inéditos

La bibliotecaria, María Jesús Fuentes, destaca en este sentido que la biblioteca también posee inéditos, entre ellos, todos los trabajos de investigación que se presentan al certamen de la Diputación, así como al premio Valle-Inclán. «En lo que se refiere al fondo general, -comenta Fuentes- destacan las obras dedicadas a legislación, como pueden ser las colecciones Alcubilla, desde 1866, y Aranzadi, desde 1930». Esta última sección cuenta en total con más de 10.000 volúmenes.

Además, la biblioteca dispone también de los servicios de hemeroteca y cartoteca provincial, esta última creada en el año 2003 con el objetivo de reunir todo el material cartográfico editado sobre la provincia pontevedresa. Como explica Fuentes, el catálogo de los fondos de Galicia, así como la cartoteca, pueden consultarse cómodamente desde la web provincial, sin tener que desplazarse a las instalaciones, a través de un buscador. «Por ejemplo, estos días recibimos un correo electrónico desde Canadá solicitando un artículo de una revista», comenta la bibliotecaria. Y es que en la Red, el espacio no representa evidentemente ningún problema.

Tarifas publicitarias / publicidad@lavozdegalicia.es

[**Contacte con nosotros:** web@lavozdegalicia.es]

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)
Auditado por 

RM de La Coruña: tomo2413, folio84, hojaC-12502

CIF: B-15.482.177

Boa parte dos fondos bibliográficos editados polo Servizo de Publicacións entregaránse os institutos da comarca do Salnés nun acto público que terá lugar o martes 6 de marzo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
27 FEBREIRO 2007

O martes 6 de marzo, ás 11.30 horas, terá lugar no Pazo provincial un acto público de entrega ós institutos da comarca do Salnés dos fondos bibliográficos editados pola Deputación de Pontevedra.

Ó acto asistirá o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como os directores dos respectivos centros de educación.

O Servizo de Publicacións da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, continuando deste xeito unha serie de doazóns ós institutos da provincia de Pontevedra que comezou en decembro do 2006. Con esta cesión preténdese poñer, así mesmo, a disposición dos alumnos e do profesorado unha parte representativa dos xa 550 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Novos fondos na hemeroteca

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 12 MARZO 2007

É intención principal da hemeroteca facilitar ós investigadores o acceso á información contida nas principais publicacións periódicas que fan referencia ós diferentes ámbitos culturais da nosa comaridade autónoma, xa sexan editadas en Galicia ou noutro lugar.

Nesta idea tentase a constante incorporación das novas publicacións, ó tempo que se continua co traballo de recuperación de exemplares atrasados. No pasado mes de febreiro, incorporáronse ós seus fondos un total de once novas publicacións e un bo número de exemplares daquelas que xa existían, destacando os exemplares que completan a Revista do Museo de Pontevedra.

A relación de todo elo é a que segue:

PUBLICACIÓNS XA EXISTENTES NO FONDO

- Anales de Geografía de la Universidad Complutense, nº 26.
- Archivamos, nº 62.
- Arte Galicia Siglo XXI, nº 11.
- Arte y parte, nº 67.
- Atenea, nº 26.
- Bcino, nº 13.
- Boletín Avriense, nº 35.
- Boletín de la ANABAD, nº LVI-2.
- Boletín Galego de Literatura, nº 34.
- Catastro, nº 58.
- Cervantes, nº 13.
- Construcción Lugo, nº 233, 234.
- El Consultor de los Ayuntamientos y los Juzgados, 1997- 2002.
- Cooperación galega, nº 81.
- Delibros, nº 205, 206.
- Deporte galego, nº 8, 13, 15, 16 y 23.
- Empresa Pontevedra, nº 222.
- A Estrada, nº 9.
- Estudios Mindonienses, nº 22.
- Exit Express, nº 24, 25.
- Ferrol Análisis, nº 7, 10, 12, 18 e 19.
- Industrias Pesqueras, nº 1.910, 1.913.
- Interea Visual, nº 0, 7 y 8.
- Mi Biblioteca, nº 8.
- Minerva, nº 4.
- Moenia, nº 11.
- El Museo de Pontevedra, nº 1, 2, 3, 11, 12, 20-21, 24 a 37, 44, 47, 49, 50, 51, 52, 53, 55, 56, 58 y 59.
- NT, nº 98, 99.
- O Ollo Público, nº 16.

- A Pedreira, nº 4.
- Pontenova, nº 11.
- Provigo. Observatorio Socio-Económico de Vigo y su área, nº 24.
- Revista Galega de Ciencias Sociais, nº 5.
- Revista Xurídica Galega, nº 49.
- Tabula, nº 8 y 9.
- La Tarasca, nº 16.
- Tempo Exterior, nº 13.
- Tempos Novos, nº 116, 117.
- TOG, nº 5.
- Traballos de Arqueoloxía e Patrimonio (TAPA), nº 33, 34, 35, 36.
- A Trabe de Ouro, nº 68.

NOVAS PUBLICACIÓNS

- BARCAL. Publicación do Museo Etnográfico Liste.
- CERNA. Revista galega de ecoloxía e medio ambiente.
- ESTUDOS DE COMUNICACIÓN
- LONGA LINGUA. Publicación galega sobre lingua e sociedade
- BOLETÍN AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO DA CORUÑA
- PÚBLICO. Boletín do CGAC
- MATHESIS. Boletín de divulgación matemática.
- MIGRATIO. Revista de poboación e migracións
- MUSEO. Revista de la Asociación Profesional de Museólogos de España
- POESÍA GALICIA. Revista da Sociedade Artística Ferrolana
- PRAZA DAS LETRAS.

Os sumarios de todas estas publicacións poderán consultarse en breve no catálogo en liña da Hemeroteca.

A Biblioteca incentiva o intercambio bibliográfico con distintas entidades

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 MARZO 2007

O desenvolvemento e estímulo do intercambio bibliográfico concíbese como unha das principais liñas de actuación da Biblioteca Suárez LLanos, na dobre finalidade de difundir as propias publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra e, ó mesmo tempo, incrementar os seus fondos coas achegas doutras institucións de solvencia e prestixio.

Grazas á recepción de fondos procedentes de diferentes institucións galegas do eido da cultura coas que ten establecido o Intercambio Bibliográfico a biblioteca incrementou os seus fondos de xeito importante. Concretamente, no pasado mes de febreiro intercambiáronse publicacións cos seguintes organismos:

- Consello da Cultura Galega
- Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
- Universidade de Vigo
- Deputación da Coruña

Por outra banda, recibíronse doazóns por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Así mesmo, formalizouse o Intercambio Bibliográfico co Museo de Pontevedra e o Museo Etnográfico Liste de Vigo.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "Lendas, contos e outros relatos de Mondariz de do balneario" no auditorio do Centro Social de Mondariz

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
20 MARZO 2007

O venres 23 de marzo, ás 19.30 horas, presentarase no auditorio do Centro Social de Mondariz o libro "Lendas, contos e outros relatos de Mondariz e do Balneario", editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o alcalde de Mondariz, Julio Alén Montes, o autor, Xoan Xosé Pérez Labaca, e mais o prologuista do libro, Alfonso Paredes Pardo.

Este traballo recolle as lendas, contos e relatos de Mondariz, Mondariz-Balneario e do seu contorno.

Nun primeiro apartado, titulado "Lendas", o autor trata de plasmar cousas importantes da historia local mondarizá, como son a Ponte de Cernadela, a lenda do carballo da Armada ou as do castelo de Sobroso, así como feitos de interese etnográfico, como a romaría de Santa Fariñeira ou o romance do mouro e o cristián.

A segunda parte, denominada "Contos", contén narracións curtas escoitadas polo autor, outras baseadas en feitos reais e outras inventadas. Algunhas delas queren ter un chisco do humor e da retranca que todos os galegos levamos dentro.

A terceira parte, "Outras narracións", trata asuntos más recentes, como a historia da estatua do xardín, o mestre, a prosa inolvidable de Manuel Lamartín, ou os cesteiros de Mondariz, entre outros. Con elas, o autor trata de transmitir un recordo grato que sirva tamén de información e punto de partida para posteriores traballos de xeracións futuras.

Remata o traballo unha relación cos nomes reais e de ficción das xentes que aparecen nos diferentes relatos.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "O antigo concello de Lavadores. Unha aproximación histórica" no local da Asociación veciñal, cultural e deportiva de Lavadores

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 MARZO 2007

O venres 30 de marzo, ás 19.30 horas, presentarase no local da Asociación veciñal, cultural e deportiva de Lavadores a reedición do libro de Xesús Giráldez Rivero, de 1987, "O antigo concello de Lavadores. Unha aproximación histórica", que trata de recuperar a memoria histórica do concello hoxe desaparecido.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o presidente da Asociación veciñal, cultural e deportiva de Lavadores, Emilio Pazos González, así como a vogal de Cultura da citada asociación, Dolores Cabaleiro Vila, que presentará o libro. Por último, tamén se contará coa intervención de Lalo Vázquez Gil, cronista oficial da cidade de Vigo.

A obra narra os tempos revoltos da división territorial, cando o antigo val do Fragoso se transformou no concello de Lavadores e a súa posterior agregación ó de Vigo.

É este un traballo tanto de investigación coma de síntese de todos aqueles estudos que dun ou doutro xeito achegan información sobre determinados aspectos relacionados coa historia de Lavadores. Para a súa realización empregáronse fontes coma os libros de actas municipais, os documentos e informes conservados no arquivo da Deputación de Pontevedra, artigos de prensa (Faro de Vigo, El Pueblo Gallego, La Lucha ou La idea) e o propio testemuño de Luis Portela, membro da Comisión Xestora do desaparecido concello.

Este libro foi concibido, en definitiva, co obxectivo de axudar a divulgar a historia do concello, recobrando un pasado non de todo perdido.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "La realidad social del turismo en Galicia. Ordenación administrativa y territorial" no Padroado de Turismo Rías Baixas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
11 ABRIL 2007

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro xoves, día 12 de abril, ás 19.00 horas, no Padroado de Turismo Rías Baixas, o libro "La realidad social del turismo en Galicia. Ordenación administrativa y territorial".

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o autor, José Ricardo Pardo Gato, o director do Padroado de Turismo Rías Baixas, Octavio Rodríguez Nieto, e o catedrático de Dereito Civil da Universidade da Coruña, Miguel Ángel Pérez Álvarez.

O presente libro aborda un tema tan transcendental para a economía e a sociedade galega como é o do turismo. Sen abandonar a súa vertente económica, o estudo descansa particularmente sobre a realidade social do fenómeno en Galicia e, más concretamente, en torno á súa ordenación administrativa e territorial.

O traballo arranca dende os antecedentes históricos do turismo en España. Na obra conflúen, así mesmo, dúas partes claramente diferenciadas: por unha banda, a distribución competencial na materia entre o Estado, as distintas comunidades autónomas e as entidades locais, e, pola outra, a específica ordenación e promoción do turismo en Galicia a través da vixente Lei 9/1997, de 21 de agosto.

Completan o traballo dous anexos, un de orde lexislativa, onde se relacionan todas e cada unha das normas ata o momento aprobadas ó respecto, e outro propiamente xurisprudencial, coas sentenzas más relevantes recaídas, seleccionadas por materias dentro do marco multidisciplinar que o turismo significa.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro “Historia de Salvaterra de Miño” nas Covas de dona Urraca, en Salvaterra de Miño

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico

16 ABRIL 2007

O xoves 19 de abril, ás 20.00 horas, terá lugar nas Covas de dona Urraca, en Salvaterra de Miño, a presentación do libro “Historia de Salvaterra de Miño”.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o alcalde de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal Vaqueiro, o licenciado en Historia, Pedro Areal Alonso, e a autora, Sofía Rodríguez Suárez.

Este traballo inclúese na Colección Ensaio e investigación da Editorial da Deputación de Pontevedra, e recolle, por primeira vez, a historia do concello. Para facilitar a comprensión da obra preséntase ordenada cronoloxicamente, e o texto acompaña de imaxes que reflicten os cambios e as transformacións que sufriu o seu contorno. Abundan, neste sentido, as fotografías e os gráficos que lle confiren un valor máis atractivo á publicación.

O traballo estrutúrase en dúas partes. A primeira refirese ó marco espacial e achéganse datos actuais sobre o seu territorio. Inclúese, así mesmo, un breve repaso polas dezasete parroquias que componen o concello. A segunda parte, ordenada cronoloxicamente e más extensa, recolle os feitos históricos más destacados.

Unha serie de elementos mantéñense ó longo de toda a obra: o río Miño, que marca a paisaxe das parroquias ribeiriñas, e as estreitas relacións entre dúas rexións fronteirizas (Salvaterra de Miño e Monção), a pesar dos seus avatares políticos.

En definitiva, é este un traballo que recolle os acontecementos ocorridos na historia do concello co ánimo de achegarlos ós veciños e ó público en xeral o seu pasado, e abrir, á súa vez, un camiño para posteriores labores de investigación.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "Onde se irisa a flor. Ecopoemas" na Casa do libro, en Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 ABRIL 2007

O xoves 26 de abril, ás 20.00 horas, presentarase na Casa do libro, en Vigo, o libro "Onde se irisa a flor. Ecopoemas", publicado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o autor, Maximino Cacheiro Varela, e o escritor Francisco Castro.

Esta publicación, pertencente á colección "Poesía e narrativa", ten na flor o seu contido temático. A flor, en palabras do propio autor, está asociada no mundo enteiro á mocidade e, pola súa forma de estrela, ó sol terrestre, ó centro do mundo. Os homes de todos os tempos respectáronas e veneráronas.

Con todo un precedente do imaxinario histórico, o autor retoma a metáfora da flor para exaltar o máis hermoso da natureza.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Hemeroteca e Biblioteca seguen aumentando os seus fondos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
07 MAIO 2007

A Biblioteca "Súarez Llanos" incrementou os seus fondos mediante compra nun total de 58 títulos, tendo a disposición dos usuarios na actualidade un total de 21.883 volumes.

No pasado mes de marzo esta Biblioteca continuou a desenvolver a súa política de intercambio bibliográfico con outras institucións mediante as seguintes actuacións:

- Establecemento de intercambio coa Biblioteca da Excma. Deputación Provincial de Lugo
- Envío de publicacións á Real Academia Galega e Universidade de Santiago de Compostela.
- Recepción de publicacións remitidas polo Museo das peregrinacións de Santiago de Compostela, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Centro Galego de Arte Contemporánea, Fundación Caixagalicia, Deputación de Ourense, Centro Ramón Piñeiro, Deputación da Coruña, Universidade Complutense e Universidade de Santiago de Compostela.

Pola súa parte a Hemeroteca continúa a completar a información de todo os sumarios das súas publicacións periódicas, que poden consultarse xa no catálogo en liña da Hemeroteca.

Nos meses de marzo e abril incrementáronse os fondos con novas publicacións:

"Administración & Ciudadanía", "MADRYGAL. Revista de Estudios Gallegos" e "O Monografías. Revista de arte e arquitectura"

Das publicacións xa existentes na Hemeroteca recibiríronse os seguintes exemplares:

Adaxe, nº 20; Ágora, nº 24 (2); Anaquel, nº 36; Archivamos, nº 63; Boletín do Instituto de Estudios Vigueses, nº 12; Brigantium, nº 18-19; Camelia, nº 8 y 9; Concellos galegos, nº 4, 5 y 6; Dereito, Vol. 15 (1 y 2); El Consultor de los Ayuntamientos y los Juzgados, año 1996; Cooperación Galega, nº 82; Delibros, nº 207, 20; Descubrindo Deza, nº 1 y 8; Díxitos, febreiro 2007, abril 2007; El Libredón, nº 53; Empresa Pontevedra, nº 223; Latexo, nº 5; Longa lingua, nº 1; Mathesis, nº 4, 5, 6; Minius, nº 14; Murguía. Revista Galega de Historia, nº 11; NT Galicia, nº 100, 101; Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais, nº 21; Revista de Estudios Miñoranos, nº 5-6; Revista Galega de Ciencias Sociais, nº 4; Revista Galega de Economía, nº 16 (1); Revista Galega de Seguridade Pública, nº 8; Revista Xurídica Galega, nº 50; R.I.P.S, nº 5; Sarmiento, nº 10; Vía 18, nº 3.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Boa parte dos fondos bibliográficos editados polo Servizo de Publicacións entregaránse os institutos de Vigo nun acto público que terá lugar o martes 8 de maio

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
07 MAIO 2007

O martes, 8 de maio, ás 11.30 horas, terá lugar no Pazo provincial un acto público de entrega ós institutos de Vigo dos fondos bibliográficos que editou a Deputación de Pontevedra.

Ó acto asistirá o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así coma os directores dos respectivos centros de educación.

O Servizo de Publicacións da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, tal e como se vén facendo dende hai anos. Con esta doazón preténdese poñer, así mesmo, a disposición dos alumnos e do profesorado unha parte representativa dos xa 542 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación do libro "Historia de Cangas", editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
08 MAIO 2007

O xoves 10 de maio, ás 13.45 horas, presentarase no salón de actos do Concello de Cangas o libro "Historia de Cangas".

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o alcalde do concello de Cangas, José Enrique Sotelo Villar, e os autores, Carlos Vázquez Marinelli, José Moreira Pumar e Manuel Rodal González.

É este o último libro editado ata o de agora pola Editorial da Deputación de Pontevedra. Pertence á colección "Ensaio e investigación" e resume a historia de Cangas do Morrazo dende as súas orixes. Partindo da prehistoria ata o século XX, os autores lévannos da man a través das súas xentes, a historia e a xeografía, a fundación mitolóxica, as primeiras institucións, a estrutura urbana, a demografía ou a economía.

Toda vila ten unha historia e alguén ten que contala. Este tres autores fixérono para lecer das xentes de Cangas así como dos que queiran coñecer a historia da vila.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O mércores 6 de xuño, terá lugar a estrea do vídeo "Luces en papel", de María Ojea, no Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
04 XUÑO 2007

A Editorial da Deputación de Pontevedra estreará o vindeiro mércores, día 6 de xuño, ás 20:00 horas, o vídeo documental "Luces en papel".

Ó acto, que se vai celebrar no Salón Rexio do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo, asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, e a realizadora do vídeo, María Ojea. Tamén intervirá Jaime Pacheco Davila, en representación da familia Pacheco.

Este traballo inclúese dentro da colección de audiovisuais, unha serie iniciada pola Editorial da Deputación e que na actualidade engrosa unha parte importante do Catálogo de Publicacións. En efecto, con esta colección preténdese amosar, a través da imaxe, o contorno e o patrimonio cultural da nosa provincia.

Tanto a forma coma o contido deste documental sobre o legado fotográfico-histórico de Pacheco é unha fusión entre o antigo e o moderno. É unha viaxe que mestura a estética dos retratos da alta clase social e dos aldeáns de principios do século pasado, das paisaxes do mar ou das rúas sen facer de Vigo coa do mundo dixital dos nosos días.

A historia está contada polos protagonistas: as voces dos familiares de Jaime Pacheco, fundador do estudio da rúa príncipe, concretamente o seu fillo Alberto e os seus netos. Tamén se contou coa colaboración do doutor Vítor Vaqueiro, especialista na arte de fotografar, e do escritor Francisco Castro.

Na selección de imaxes buscouse o modo máis axeitado para narrar a historia de Vigo, achegando tanto as fotos que todos temos en mente da sinatura Pacheco coma outras más descoñecidas e recentes de valor periodístico e documental. Como non se puido igualar o branco e o negro dos mestres, o documental foi iluminado en cores frías para contarlle ó público, en trinta minutos, unha longa historia de luces en papel.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>



MARTES, 19 DE XUÑO DE 2007

Deputación de Pontevedra**PONTEVEDRA A DEPUTACIÓN****SERVIZOS****ANUNCIOS****PÁXINA DO
PERSOAL**

Está en » depontevedra.es » Deputación de Pontevedra » Taboleiro de anuncios » Notas de Prensa

**Inicio Sección****NC****■ Taboleiro de anuncios**

- Boletín Oficial da Provincia**
- Emprego Público**
- Subvencións, axudas, bolsas...**
- Licitacións**
- Cursos**
- Actas do Pleno**
- Actas da Xunta de Goberno**
- Decretos Presidenciais**
- Notas de Prensa**
- Axenda**

Hemeroteca e Biblioteca actualizan as bases de datos e seguen aumentando os seus fondos

L	M
---	---

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 19 XUÑO 2007

4	5
11	12
18	19
25	26

A Hemeroteca continúa a completar a información de todo os sumarios das súas publicacións periódicas, que poden consultarse xa no catálogo en liña da Hemeroteca.

Nos meses de maio e xuño e abril incrementáronse os fondos con novas publicacións:

- *Arazúa. Boletín de la Asociación Protectora de la Cultura Gallega* (Edición facsimilar)
- *Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*
- *Argos. Escola Municipal de Artes e Oficios*
- *Enclave. Revista Galega de Política e Pensamento*
- *A Monteira. Semanario de intereses rexionais e literatura* (Edición facsimilar)
- *Museos.es. Revista de la Subdirección General de Museos Estatales*
- *La Noche. Suplemento del Sábado* (Edición facsimilar)
- *Paraíso. Revista da Rede Galega de Teatros e Auditórios*
- *Raza celta. Órgano del Comité Autonomista Gallego de Montevideo* (Edición facsimilar)
- *Revista General de Información y Documentación*
- *La Unión Gallega* (Edición facsimilar)
- *Xarmenta. Revista da Asociación Berciana da Lingua Xarmenta*
- *Yunque. Periódico de vanguardia política* (Edición facsimilar)

Das publicacións xa existentes na Hemeroteca recibíronse os seguintes exemplares:

- *Aceimar*, nº 51
- *Ancares*, nº 14
- *Aproinco*, nº 53, 54
- *Arte Galicia Siglo XXI*, nº 12
- *Arte y Parte*, nº 68, 69
- *Atenea*, nº 27
- *Aunios*, nº 12
- *Cerna*, nº 51
- *Cervantes*, nº 14
- *Círculo de dirigentes*, nº 105, 106, 107, 108
- *Construcción Lugo*, nº 235, 236
- *Consultor de los ayuntamientos y los juzgados, El* (anos 1990 a



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
PONTEVEDRA**

- 1995)
- Cooperación galega, nº 83
 - Delibros, nº 209, 210
 - Folk-folk, nº 7
 - Exit Express, nº 26, 27
 - Ferrol Análisis, nº 21
 - A Fundación, nº 11
 - Galicia en Madrid, nº 82
 - Grial, nº 172, 173
 - Industrias pesqueras, nº 1922
 - Innovación educativa, nº 17
 - Longa Lingua, nº 2, 3
 - Madrygal, nº 4, 5, 6, 7, 8 e 9
 - Mathesis, nº 7, 8 y 9
 - Mi Biblioteca, nº 9
 - Moda gallega, nº 9
 - NT Galicia, nº 102, 103
 - Peregrino, nº 109, 110
 - Praza das letras, nº 3
 - Pregón, nº 16, 17
 - Quintana, nº 5
 - Sarmiento, nº 10
 - A Taboada, nº 10 y 11
 - Tempos Novos, nº 118, 119, 120
 - Thalassas, nº 22 (1)
 - A Trabe de Ouro, nº 69
 - Turgalicia, nº 7

Pola súa banda, a Biblioteca Provincial "Suárez Llanos" continuou a desenvolve-la súa política de intercambio bibliográfico con outras institucións mediante as seguintes actuacións:

- Envío de publicacións á Fundación Barrié, en concepto de Intercambio.
- Recepción de publicacións remitidas pola Universidade de Vigo, Centro de Estudios Rosalianos, Concello de Ponteareas, Fundación 10 de Marzo, Deputación Provincial de Ourense e a Deputación Provincial de Lugo.

Asemade, a Biblioteca incrementou os seus fondos mediante compra nun total de 100 títulos, ascendendo na actualidade o seu fondo á cantidad de 22.111 volumes.

A información de tódolos fondos da sección "Galicia" está dispoñible a través do catálogo en liña da Biblioteca, no que se poden consultar as referencias bibliográficas, tanto en formato etiquetado coma ISBD.

BUSCAR NAS NOVAS

BUSCAR

[INICIO](#) | [VOLVER ARRIBA](#)

Última modificación

Presentación do vídeo "A muiñada do Salnés" no auditorio municipal de Ribadumia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
20 XUÑO 2007

A Editorial da Deputación de Pontevedra estreará o vindeiro domingo, día 24 de xuño, ás 21:00 horas, o vídeo documental "A muiñada do Salnés".

Ó acto, que se vai celebrar no auditorio municipal de Ribadumia, asistirá o presidente da Deputación, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, a alcaldesa de Ribadumia, María Salomé Peña Muñiz, e o realizador do vídeo, Federico de la Peña.

Este documental de 40 minutos de duración, dirixido por Federico de la Peña, recolle o patrimonio arquitectónico e medioambiental do val do Salnés, unha viaxe pola historia e a cultura popular que latexa ó redor dos muíños de río.

Estes muíños foron reconstruídos ó abeiro do "Plan Segorella", patrocinado pola Deputación de Pontevedra, un proxecto de restauración dos muíños nos concellos de Meis, Ribadumia e Meaño.

Este Plan contemplou á súa vez toda unha serie de unidades didácticas de achegamento ós máis novos e de protección do medio ambiente. Así, a recuperación arquitectónica levou aparellada a revitalización da ecoloxía da zona e permitiu afondar nos seus valores paisaxísticos.

Os verdadeiros protagonistas deste vídeo foron os veciños do lugar. Homes e mulleres achégannos as súas vivencias pasadas. A través delas coñeceremos a organización interna dos muíños, os traballos da moenda, a vida dos muiñeiros e o seu carácter social. De feito, os muíños, ademais de seren un motor da economía, tiveron un importante carácter cultural. Foron lugar de xuntanzas, favorecedores das relacións humanas, e deron lugar a toda unha serie de cantigas e refráns vinculados a eles.

É este, en definitiva, un percorrido polas paraxes e o patrimonio histórico do val do Salnés da man dos seus veciños, unha viaxe que nos permitirá apreciar a fermosura dun lugar no que natureza e tradición permanecen inalteradas.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presenta no Auditorio de Ribadumia o vídeo Documental "A Muiñada do Salnés"

O documental e froito do plan Segorella comezado pola entidade provincial no 2001 para
por en valor os muíños de Meis, Ribadumia e Meaño

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Gabinete de Comunicación
24 XUÑO 2007

A Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Patrimonio Documental presentou hoxe o documental audiovisual "A Muiñada do Salnés". O vídeo dirixido por Federico de la Peña ten unha duración de 40 minutos e recolle o patrimonio arquitectónico e medioambiental do val do Salnés, é unha viaxe pola historia e cultura popular que latexa ó redor dos muíños do río.

Ó acto de presentación que se celebrou no Auditorio de Ribadumia, asistiron o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, o deputado provincial de cultura, José Juan Durán, a alcadesa de Ribadumia, Salomé Peña, e o autor do documental, Federico de la Peña.

O documental e froito do Plan Segorella, iniciado pola entidade provincial no 2001, para a reconstrucción dos muíños dos concellos de Meis, Ribadumia e Meaño. O plan ademais de levar a cabo a recuperación do patrimonio cultural e histórico, permitiu revitalizar a ecoloxía da zona e fomentar unidades didácticas de achegamento ós máis novos.

A maior parte dos muíños que se restauraron estaban en moi malas condicións e moitos deles escondidos pola maleza, o que supoñía un difícil acceso. Para o traballo deseñouse un sistema de intervención para axilizar as tarefas: primeiro actuaba o módulo de medio ambiente, que limpaba a zona, despois o de construcción, que acondicionaba os muros dos muíños, despois o de carpintería que montaba as armazóns e finalmente o de construcción para por a pedra e reconstruír a maquinaria interior. A reconstrucción dos muíños pretende que o resultado fose semellante ó orixinal e que perdure no tempo.

Os verdadeiros protagonistas do vídeo foron os veciños do lugar, que transmiten as súas vivencias e que nos permiten coñecer a organización interna dos muíños, os traballos de moenda, a vida dos muiñeiros e o seu carácter social...

Os muíños non foron só o motor económico senón que tamén tiveron unha gran importancia cultural. En definitiva o documental é un percorrido polas paraxes e o patrimonio histórico do val do Salnés da man dos seus veciños.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "Aves costeiras", guía de aves da costa viguesa, na Feira do libro de Vigo

A Editorial da Deputación de Pontevedra estreará o vindeiro sábado, día 7 de xullo, ás 19:30 horas, a publicación Aves costeiras.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
04 XULLO 2007

Ó acto, que se vai celebrar na Feira do libro de Vigo, na praza de Compostela, asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, e a autora do libro, Ana Prado.

Esta guía de aves da costa viguesa é o resultado de moitos meses de observación das aves acuáticas presentes nas praias desta zona. A área de estudio inclúe así mesmo a desembocadura do río Lagares, coñecida como A Xunqueira.

Este libro recolle unha descripción de cada especie e, a continuación, séguelle a información relativa á súa alimentación, reproducción e costumes, así como o seu debuxo e fotografía. Remata o traballo cunha relación dos fotógrafos que colaboraron desinteresadamente na elaboración da guía e cun vocabulario específico empregado en ornitoloxía.

En definitiva, trátase dunha publicación pertencente á colección "Natureza galega", unha guía amena e de fácil comprensión, afastada de tecnicismos, publicada co ánimo de chegar ó maior número de persoas posible.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "La correspondencia gallega e o desastre do 98" na Alameda de Cangas do Morrazo

Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o luns, día 23 de xullo, ás 21.00 horas, o libro "La correspondencia gallega e o desastre do 98. De cómo os pontevedreses viviron a perda de Cuba e Filipinas".

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 XULLO 2007

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o autor, Xosé Miguel Alonso Boó.

É esta unha crónica das guerras de Cuba e Filipinas, tras a que se expediu o certificado de defunción do vello imperio español. Narra cómo os habitantes da cidade do Lérez –tamén os subscriptores espallados pola provincia e mesmo por outros recunchos de Galicia- viviron o “desastre do 98” a través das páxinas do rotativo “La Correspondencia Gallega”, que rexentaba un pontevedrés ilustre, o impresor José Millán.

Mantendo os conflitos coloniais de finais do século XIX como fío condutor, a presente obra pretende descubrirlle ó lector –despois dunha necesaria aproximación introductoria sobre o nacemento e contidos do diario a analizar- as reviravoltas da información que, das guerras de Cuba e Filipinas, ocupaban as páxinas do xornal; unha información que dende a perspectiva actual seguramente sería insuficiente, pero que pon de relevo moreas de datos, anécdotas, informes e polémicas non publicadas ata o de agora.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "La correspondencia gallega e o desastre do 98" na Alameda de Cangas do Morrazo

Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o luns, día 23 de xullo, ás 21.00 horas, o libro "La correspondencia gallega e o desastre do 98. De cómo os pontevedreses viviron a perda de Cuba e Filipinas".

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 XULLO 2007

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o autor, Xosé Miguel Alonso Boó.

É esta unha crónica das guerras de Cuba e Filipinas, tras a que se expediu o certificado de defunción do vello imperio español. Narra cómo os habitantes da cidade do Lérez –tamén os subscriptores espallados pola provincia e mesmo por outros recunchos de Galicia- viviron o “desastre do 98” a través das páxinas do rotativo “La Correspondencia Gallega”, que rexentaba un pontevedrés ilustre, o impresor José Millán.

Mantendo os conflitos coloniais de finais do século XIX como fío condutor, a presente obra pretende descubrirlle ó lector –despois dunha necesaria aproximación introductoria sobre o nacemento e contidos do diario a analizar- as reviravoltas da información que, das guerras de Cuba e Filipinas, ocupaban as páxinas do xornal; unha información que dende a perspectiva actual seguramente sería insuficiente, pero que pon de relevo moreas de datos, anécdotas, informes e polémicas non publicadas ata o de agora.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "A vella Moureira", editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 AGOSTO 2007

O venres 3 de agosto, terán lugar dúas presentacións do libro "A vella Moureira", editado pola Deputación de Pontevedra. A primeira realizarase no pazo provincial, ás 11.30 horas, e, a continuación, farase unha segunda presentación do citado libro no local social da asociación de veciños San Roque, ás 20.15 horas.

Ambas presentacións contarán coa asistencia do presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o autor, Rafael Fontoira Surís. Tamén participará a asociación San Roque, representada pola súa xunta directiva.

Este traballo, pertencente á Colección Helenes da Editorial da Deputación de Pontevedra, é un percorrido polo vello barrio de "A Moureira", polo "arrabalde da Moureira", como así o chamaba o Gremio do Corpo Santo dende a Idade Media.

A través da súa lectura descubriremos os seus habitantes, os seus edificios (vellos e desaparecidos), a vida social dun barrio no que de todo había: cuartel, club naval, casa de baños, industrias de transformación da madeira, do metal e conserveiras.

Foi o "arrabalde da Moureira" berce da meirande parte dos navegantes e mariños de máis sona de Galicia. Foi, así mesmo, o arrabalde un dos centros más importantes na fabricación de embarcacións en España dende a baixa Idade Media, momento no que o arcebispo Xelmírez constrúe aquí a primeira escuadra galega; construíuse tamén a carabela Santa María "A Galega" nos estaleiros da Moureira de Arriba. Os estaleiros da Moureira de Abaixo, situados xusto á volta das escaleiras de "Carrascal", dedicábanse tan só ás embarcacións de pequeno calado e ó calafateado.

Trata este libro, en definitiva, de elevarlle ó público en xeral unha nostálgica solicitude de conservación dos edificios que a Moureira ainda conserva e dos valores histórico-artísticos que representan.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do documental “Julio Camba, crónica dunha vida” na Casa da Cultura do Esteiro, en Vilanova de Arousa

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
25 SETEMBRO 2007

A Editorial da Deputación de Pontevedra estreará o vindeiro venres, día 28 de setembro, ás 20.00 horas, o vídeo documental “Julio Camba, crónica dunha vida”.

Ó acto, que se vai celebrar na Casa da Cultura do Esteiro, en Vilanova de Arousa, asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, o alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán Hermida, o licenciado en Filosofía e Ciencias da información, Germán Torres de Aboal, e o realizador do vídeo, Federico de la Peña.

Este documental, de 30 minutos de duración, pertencente á colección audiovisual, vén sumarse a outros que Federico de la Peña ten realizado neste campo, como son “Gonipterus, enemigo del eucalipto”, “Muíños tradicionais en Pontevedra”, “Valle Inclán. O tempo de Vilanova”, “Amelia de Terra de Montes”, “Petróglifos. Testemuñas do tempo” ou “A muiñada do Salnés”.

Neste vídeo o autor fai un percorrido pola vida e obra do escritor e xornalista vilanovense Xulio Camba Andreu. Recolle fotografías do protagonista ó longo da súa vida (algunhas inéditas) e das principais cidades onde exerceu a súa profesión (Constantinopla, París, Londres, Berlín e Nova York). Tamén inclúe imaxes dalgúns dos seus artigos periodísticos e dos seus libros.

Aparecen reflectidas, así mesmo, imaxes actuais de Vilanova de Arousa e do Madrid e Bos Aires de principios do S. XX, así como da Guerra Civil española, a Primeira República, a Ditadura do Primo de Rivera e a 1^a e 2^a guerras mundiais. Móstrase ademais o lugar onde descansan os restos de Julio Camba, en Madrid, e a súa casa natal convertida na Casa-Museo dos irmáns Camba. Completan este documental as opinións dalgúns dos principais investigadores da súa obra o os testemuños de persoas que o coñeceron.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Novos fondos na hemeroteca

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 01 OUTUBRO 2007

Para facilitar ós investigadores o acceso á información contida nas principais publicacións periódicas que fan referencia ós diferentes ámbitos culturais da nosa comunidade autónoma, téntase a constante incorporación das novas publicacións, ó tempo que se continúa co traballo de recuperación de exemplares atrasados.

No pasado mes de xullo, incorporáronse ós seus fondos un total de oito novas publicacións e un bo número de exemplares daquelas que xa existían, destacando os exemplares da revista NODALES. Revista del Gremio de Mareantes de Pontevedra dende 1953 ata o 2007.

A relación de todo elo é a que segue:

PUBLICACIÓNS XA EXISTENTES NO FONDO

- ADMINISTRACIÓN & CIDADANÍA, nº 1 (II).
- ANAQUEL. Boletín de Libros, archivos y bibliotecas de Castilla-La Mancha, 37.
- APROINCO. Revista de actualidad inmobiliaria, nº 55.
- ARTESÁN. Revista da Asociación Galega de Artesáns, nº 0, 1, 2 e 5.
- BCINO. Boletín de Construcción-Inmobiliaria del Noroeste, nº 14.
- BOLETÍN AMIGOS DO ARQUEOLÓXICO DA CORUÑA, nº 13.
- CADERNOS DE LINGUA, nº 28.
- CASAHAMLET. Revista de teatro, nº 9.
- CÁTEDRA. Revista eumesa de estudios, nº 14.
- CÍRCULO DE DIRIGENTES, nº 109.
- CLARIDADE. Revista de la Fundación Luis Tilve, nº 3.
- CONSTRUCCIÓN LUGO, nº 237.
- COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL, nº 12.
- CT. CATASTRO, nº 59.
- DELIBROS. Revista del libro, nº 211.
- EMPRESA PONTEVEDRA, nº 224.
- INDUSTRIAS PESQUERAS, nº 1.924.
- INFORME GALLEGOS, nº 12.
- LATEXO, nº 59.
- MADRYGAL. Revista de Estudios Gallegos, nº 10.
- MI BIBLIOTECA. La revista del mundo bibliotecario, nº 10.
- NODALES. Revista del Gremio de Mareantes de Pontevedra, anos 1953, 1955, 1957, 1959, 1961, 1967, 1985, 1987, 1999, 2003, 2005 e 2007.
- NT GALICIA. Noticiario turístico, nº 104, 105.
- O OLLO PÚBLICO. Revista das artes, nº 17, 18 e 19.
- PAZOS DE GALICIA, nº 4.
- REVISTA. Instituto "José Cornide" de Estudios Coruñeses, nº 27-28.
- R.I.P.S. Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas, nº 5 (II).
- TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate, nº 121, 122.

- THALASSAS. Revista de Ciencias del Mar, nº 22 (2).
- A TRABE DE OURO. Publicación galega de pensamento crítico, nº 70.
- TRIBUNA, LA. Cadernos de Estudios da Casa Museo Emilia Pardo Bazán, nº 4.
- VERBA. Anuario Galego de Filoloxía, nº 33.
- VICEVERSA. Revista Galega de Traducción, nº 12.

NOVAS PUBLICACIÓNS

- AG. Revista do Audiovisual Galego.
- CRISTAL. Revista Literaria. (Edición facsímil).
- CULTURA GALLEGA. (Edición facsímil).
- A GAITA GALLEGA. (Edición facsímil).
- GALIZA. Revista Galega. (Edición facsímil).
- RESOL. Hojilla volandera del pueblo. (Edición facsímil).
- RUTA CICLOTURÍSTICA DEL ROMÁNICO INTERNACIONAL.
- VIGO ARTE.

Os sumarios de todas estas publicacións poden consultarse xa actualizado catálogo en liña da Hemeroteca

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Nova entrega de fondos bibliográficos da Editorial da Deputación de Pontevedra a varios institutos da provincia, nun acto público que terá lugar o xoves 4 de outubro

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
03 OUTUBRO 2007

O xoves 4 de outubro, ás 13.00 horas, terá lugar no Pazo provincial un acto público de entrega dos fondos bibliográficos editados pola Deputación de Pontevedra ós institutos da provincia, continuando deste xeito as cesións ós institutos iniciadas no ano 2006. Neste acto os institutos convocados pertencen ós concellos de Barro, Caldas de Reis, Cotobade, A Estrada, Forcarei, Lalín, Silleda, Vila de Cruces e Ponte Caldelas.

Ó acto asistirá o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como os directores dos respectivos centros de educación.

A Editorial da institución provincial acordou a cesión destes lotes de libros co ánimo de dotar e divulgar os seus fondos editoriais, tal e como vén facendo dende hai anos. Con esta cesión preténdese poñer, así mesmo, a disposición dos alumnos e do profesorado unha parte representativa dos xa 569 libros que conforman o catálogo de publicacións.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

**O martes 16 de outubro, terá lugar a presentación do libro "31 galegos e pico"
no Café Moderno, en Pontevedra**

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 OUTUBRO 2007

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro martes, día 16 de outubro, ás 20.00 horas, no Café Moderno, o libro "31 galegos e pico".

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o presentador do libro, o avogado Pedro Rial López, e o autor, José Curt.

Trátase dunha edición revisada e corrixida do libro "31 gallegos y pico", editado por primeira vez no ano 1981. José Curt traza neste traballo un catálogo de personaxes, mestres de oficios varios: o acordeonista, o talabarteiro, o canteiro, a curandeira ou o fogueteiro, entre outros.

Froito de amigables conversas e andainas pola Galicia verde, rural e traballadora, o autor recolle este repertorio de superviventes, que el mesmo define como "un ramillete a punto de marchitarse".

É este un libro que fixo época, escrito cunha pluma vital e repleta de humor e retranca, pero sempre rebosante de tenrura, que permitiu afondar nos últimos días duns oficios e dunha personalidades tipicamente galegas.

José Curt é Premio Cidade de Pontevedra, repetidas veces Premio de Xornalismo e de Fotografía da Deputación, Premio Nacional Rodríguez de la Fuente, Daniel de la Sota e Julio Camba. Os seus moitos libros e centos de artigos, todos eles de temática galega, abriron brecha nun sentimento ecoloxista que entón comezaba a xerminar e que hoxe late con forza en toda Galicia.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal do arquivo da Deputación actualiza o arquivo municipal de Catoira

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.151 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
22 OUTUBRO 2007

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Catoira, con 110 novas unidades de instalación e 14 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Catoira, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de seis actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.151 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1861 e 2007, e cunha base de datos formada por 9.552 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Catoira atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, nunhas dependencias axeitadas para a súa conservación, así como para o seu manexo e consulta.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "A Estrada rural" no Teatro principal da Estrada

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 OUTUBRO 2007

O xoves 25 de outubro, ás 20.00 horas, presentarase no teatro principal da Estrada o libro "A Estrada rural", editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, o alcalde da Estrada, José Antonio Dono López, o fillo do autor, José Luís Reimóndez Fernández, e mais o coordinador do libro, Valentín García Gómez.

É esta unha reedición da obra de Manuel Reimóndez, corrixida, ampliada e actualizada, pero cunha mesma función: recoller e establecer o carácter e a riqueza do rural da Estrada.

Esta segunda edición foi elaborada no transcurso dos anos 2004 a 2006. Pasaron logo 25 anos despois dos primeiros traballos do autor, e a intervención feita nesta obra foi un labor de actualización, tentando sempre seren escrupulosos respecto á obra orixinal. Mellórarse en todo caso, facilitase a súa lectura e engádese a información nova dese cuarto de século aproximado que transcorreu dende o comezo de "A Estrada rural".

Incorpórase por primeira vez, xunto ós planos a man alzada do autor, unha planimetria actualizada na que se delimitan con precisión cada un dos lugares das parroquias estradenses. Inclúese, así mesmo, a toponimia, actualizada e regulada pola Comisión de Toponimia, así como aqueles aspectos más relevantes e novos das vidas das parroquias: a consolidación de importantes explotacións agrogandeiras, a implantación de pequenas e medianas empresas, o enriquecemento da vida cultural ou o acceso ás novas tecnoloxías.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal de Dozón

Supón a continuidade dun proceso de asistencia técnica en materia de patrimonio documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
30 OUTUBRO 2007

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Dozón, con cento vinteseis novas unidades de instalación, que supoñen dezaseis metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a acabo un total de cinco actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 733 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1849 e 2007 e unha base de datos formada por 4.350 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

O local de arquivo atópase en dous locais anexos na planta baixa da casa do concello.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Fornelos de Montes actualiza o inventario do seu arquivo municipal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
31 OUTUBRO 2007

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Fornelos de Montes, situado na planta baixa da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos nesta ocasión por Vanesa Boullosa Peralba, contratada polo concello para esta función, supuxeron a incorporación de 51 novas unidades de instalación e sete metros lineais de documentación, que corresponde ó último ano, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Fornelos de Montes, se iniciou en 1991 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 2002, 2003, 2004, 2005, 2006 e 2007.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 1.087 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1860 ata o 2007.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 6.914 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

VIII Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria en Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 NOVEMBRO 2007

Dando continuidade a anteriores edicións, levaranse a cabo entre os días 14 e 16 do actual mes de novembro as VIII XORNADAS DE XENEALOXÍA, HERÁLDICA E NOBILIARIA EN PONTEVEDRA", organizadas polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico desta Deputación coa colaboración da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia.

Nesta ocasión tamén será a Escola de Canteiros (A Caeira-Poio) a sede das conferencias. Como en anos anteriores a asistencia será libre e gratuita, debendo inscribirse aqueles que queiran obter o oportuno certificado de asistencia ó remate das xornadas, equivalente a un curso de 20 horas, podendo facer a súa anotación ben nas dependencias do arquivo-biblioteca da Deputación ou ben nos seus teléfonos: 986 844 604 e 986 844 363.

PROGRAMA

Do 14 ó 16 de novembro de 2007

Lugar: Escola de Canteiros de Poio

MÉRCORES 14

- 16:30 h - Inauguración por parte do presidente da Deputación de Pontevedra
- 17:00 h – Conferencia

D. Carlos Acuña Rubio, vicepresidente da comisión de Heráldica da Xunta de Galicia; presidente da Asociación de X.H.N.G.

Título: Deseño heráldico en Galicia: Tecnoloxía informática avanzada

- 18:00 h- Lectura de comunicacóns
- 18:30 h- Conferencia

D. José Florencio Rodríguez-Montero Valladares, profesor da cátedra de Historia en Ourense.

Título: Riqueza heráldica na catedral de Ourense

XOVES 15

- 16:30 h - Lectura de comunicacóns
- 17:00 h - Conferencia

D. Luis Valero de Bernabé y Martín de Eugenio, director do Colexio Heráldico de España e das Indias.

Título: Figuras xeométricas na Heráldica de Galicia

- 18:00 h Lectura de comunicacóns
- 18:30 h Conferencia

D. Alfonso Ceballos-Escalera y Gila. Cronista de armas de Castilla e León. Presidente da Federación Española de Xenealogía Heráldica e Ciencias Históricas.

Título: Próceres galegos nas Reais Maestranzas de Cabalería

VENRES 16

- 16:30 h - Lectura de comunicacóns

■ 17:00 h - Conferencia

D. José Luis López Sangil: enxeñeiro Industrial, presidente da Asociación Cultural de Estudos Históricos de Galicia.

Título: Os Traba nos séculos XI e XII: a súa influencia nos mosteiros de Galicia

■ 18:00 h - Conferencia:

D. Alfredo Erias Martínez, director do Museo de Betanzos

Título: Motivos de caza nos sepulcros galaico-portugueses do s. XIV

■ 18:30.- Peche e entrega de diplomas de asistencia por parte do presidente da Deputación.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro “Marín en las tarjetas postales antiguas 1902-1945” no museo municipal Manuel Torres de Marín

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 NOVEMBRO 2007

O martes 6 de novembro, ás 20.00 horas, presentarase no museo municipal Manuel Torres de Marín o libro “Marín en las tarjetas postales antiguas 1902-1945”, editado pola Editorial da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado de Cultura, José Juan Durán Hermida, a concelleira de Cultura do Concello de Marín, Mª Esther Crespo Iglesias, o presidente do Ateneo Santa Cecilia, Carlos Martínez Arias, e mais o autor, Manuel Cendán Vilela.

Este libro ten a súa orixe nunha colección de tarxetas postais antigas ilustradas de Marín, concretamente inclúe as postais editadas entre os anos 1902 e 1945. O autor trata de mostrar a través destas imaxes a transformación urbana acontecida na vila na primeira metade do século XX. Incorpora, tamén, os textos necesarios para a explicación das imaxes, froito da investigación de varios anos en diferentes institucións, así como fotografías, gravados e xilogravuras que melloran a ilustración do tema tratado.

O traballo configúrase concretamente en cinco capítulos ou apartados. O primeiro fai unha breve referencia á orixe e desenvolvemento da tarxeta postal, así como ó seu inicio en España e Galicia. O segundo ocúpase da tarxeta postal en Marín, dos fotógrafos e do catálogo das edicións no período descrito, e o terceiro mostra unha serie de fotografías da vila de finais do século XX. O cuarto, núcleo principal do libro, parte de imaxes que figuram nas tarxetas postais, agrupadas por temas, sobre todo urbanos, con textos que describen a orixe e a evolución histórica. As rúas, os edificios, a configuración do porto, os colexios, os medios de transporte, as feiras ou os mercados son algúns dos temas presentes. Por último, o quinto apartado, co nome de “misceláneas”, trata temas non urbanos, referidos principalmente a visitas reais a Marín e a personaxes ilustres que viviron na vila, e recolle unha relación dos alcaldes que gobernarón Marín entre os anos 1808 e 1945.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Inaugurada a exposición "Marín nas tarxetas postais"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
07 NOVEMBRO 2007

Coincidindo coa presentación do libro de Manuel Cendán Vilela, "Marín en las tarjetas postales antiguas, 1902-1945", inaugurouse unha exposición que estará aberta dende o 6 ata o 21 novembro de 2007, no Museo Torres de Marín, baixo a denominación "Marín nas tarxetas postais", que recolle parte dos fondos do Patrimonio Documental Audiovisual da Deputación de Pontevedra e do propio autor do libro publicado pola Editorial da Deputación. Colaboran tamén o Concello de Marín e o propio Museo Torres. O horario de apertura será todos os días pola mañá de 11:00h a 14:00h, e pola tarde de martes a venres de 18:00h a 21:00h.

O contido desta exposición pretende amosar a historia de Marín a través das tarxetas postais. Distribúese en catro seccións diferenciadas: o mar, a etnografía, a vila e o transporte. Dende os pretróglifos de Mogor ata as novas instalacións da vila e do porto de Marín hai séculos de historia. Nesta ocasión só se pretende amosar as primeiras décadas desa historia, dende os primeiros anos do século pasado ata chegar ós anos cincuenta.

A tarxeta postal diferénciase das fotografías por ser obxecto postal. Aínda en uso, foi, durante décadas, comunicación habitual entre as xentes, que utilizaban o seu reverso a modo de misiva mentres que o debuxo ou a fotografía da súa portada identificaba unha paisaxe, cidade ou motivo especial.

A calidade da tarxeta postal ilustrada vai parella ós tempos e á técnica. Empeza nas que están debuxadas ou coloreadas da primeira época para chegar ás fotopostais de última xeración.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Actualización do Inventario do Arquivo Municipal De Nigrán

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 NOVEMBRO 2007

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso colaboración na actualización dos instrumentos de descripción referidos á documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Nigrán, situado no soto da casa do concello.

Estes traballos desenvoltos pola arqueira municipal, Cristina Aballe Román, supuxeron a incorporación de 397 novas unidades de instalación e 49 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web. Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Nigrán, se iniciou en 1987 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1990, 2000, 2001, 2005, 2007. O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 4.953 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1807 ata o 2007.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 37.701 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de Atlas dixitais interactivos dos concellos da provincia de Pontevedra.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 NOVEMBRO 2007

O venres 30 de novembro asínase un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de Atlas dixitais interactivos dos concellos da provincia de Pontevedra.

Os atlas dixitais interactivos de todos os concellos da provincia realizaranse en formato PDF. Incluirán todos os núcleos de poboación en ortofoto a cor actualizada, a escalas 1:3.000 / 1:4.000, e, ademais, a información dos seus habitantes segundo os datos achegados polo Instituto Nacional de Estadística. Cada ortofoto dun núcleo vai acompañada de mapas que indican a posición relativa en Europa, a do concello ó que pertence o núcleo, a parroquia na que está incluído dentro do concello e a do lugar respecto do resto das parroquias. Presentaranse tres listas cos lugares: os núcleos por orde alfabética no concello, ordenados neste segundo o efectivo de habitantes e ordenados por parroquias.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de Atlas dixitais interactivos dos concellos da provincia de Pontevedra.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 NOVEMBRO 2007

O venres 30 de novembro asínase un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de Atlas dixitais interactivos dos concellos da provincia de Pontevedra.

Os atlas dixitais interactivos de todos os concellos da provincia realizaranse en formato PDF. Incluirán todos os núcleos de poboación en ortofoto a cor actualizada, a escalas 1:3.000 / 1:4.000, e, ademais, a información dos seus habitantes segundo os datos achegados polo Instituto Nacional de Estadística. Cada ortofoto dun núcleo vai acompañada de mapas que indican a posición relativa en Europa, a do concello ó que pertence o núcleo, a parroquia na que está incluído dentro do concello e a do lugar respecto do resto das parroquias. Presentaranse tres listas cos lugares: os núcleos por orde alfabética no concello, ordenados neste segundo o efectivo de habitantes e ordenados por parroquias.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "Cortegada. Una isla real" no auditorio de Vilanova de Arousa.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 NOVEMBRO 2007

O martes 4 de decembro, ás 20.00 horas, presentarase no auditorio de Vilanova de Arousa o libro *Cortegada. Una isla real*.

Á presentación asistirá o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, o concelleiro de Cultura do concello de Vilagarcía de Arousa, Xosé Castro Ratón, o autor, Daniel Garrido Castromán, e o catedrático de Inglés do instituto Miguel Ángel González, Víctor Aragonés Herrero, que presentará o libro.

Pertencente á colección "Ensaio e investigación", este libro é froito dun intenso traballo de recompilación de datos históricos da illa de Cortegada.

A intención do autor foi facer un breve resumo da situación da illa, límites e extensión, así como da súa flora, fauna e medios de vida dos seus primitivos poboadores; por outra banda, pór de manifesto cómo a súa situación estratéxica e as súas condicións xeográficas e físicas motivaron que, no transcurso da historia, fora elixida por numerosos pobos como lugar de asentamento.

Como tema principal do libro está todo o relacionado coa compra e doazón da illa ó rei Alfonso XIII de Borbón, visto pola prensa daquela época, co obxecto de construír nela unha residencia de verán. Para iso, ó longo do traballo Daniel Garrido transcribiu literalmente as novas sobre ese particular aparecidas nos distintos medios de comunicación, fundamentalmente *Galicia Nueva*. Completan a obra unha serie de fotografías relacionadas coa illa así como outras referidas á familia real.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O martes 4 de decembro terá lugar a presentación das últimas novedades da Editorial da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 NOVEMBRO 2007

O martes 4 de decembro, ás 11.30 horas, presentaranse no Pazo provincial as últimas novedades da Editorial da Deputación de Pontevedra.

Ó acto, dirixido ós medios de comunicación, asistirán os responsables dos títulos e o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal.

Daranse a coñecer, en primeiro lugar, catro novas entregas da colección "Ensaio e investigación". Son os títulos *Historia de Salvaterra de Miño*, *Historia de Cangas*, *La correspondencia gallega e o desastre do 98* e mais *A procura da nosa identidade. Terra de Montes*.

A continuación mostrárase un novo traballo englobado na serie "A provincia en imaxes", *Marín en las tarjetas postales antiguas 1902-1945*, e tamén unha reedición da obra de Manuel Reimóndez, *A Estrada rural*, un traballo corrixido, ampliado e actualizado que recolle a riqueza do rural estradense.

Dentro da colección "Natureza galega" inclúese o libro *Aves costeiras*, unha guía de aves da costa viguesa, froito de moitos meses de observación das aves acuáticas presentes nas praias desta zona.

Tamén forma parte desta presentación o título *Cómo entrar na historia do conxunto de Soutomaior*, unha publicación en forma de cómic que pretende achegarles ós lectores, especialmente ós máis pequenos, a historia do conxunto de Soutomaior, dende a súa orixe ata os nosos días, cando se incorpora ó patrimonio público da Deputación de Pontevedra.

Conclúen esta exposición dous documentais pertencentes á colección audiovisual. Son os traballos *Luces en papel*, un documental sobre o legado fotográfico-histórico de Pacheco, e o vídeo *A muiñada do Salnés*, dirixido por Federico de la Peña, que recolle o patrimonio arquitectónico e medioambiental do val do Salnés.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Novas incorporacións no arquivo municipal de Vilaboa

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 DECEMBRO 2007

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de revisión e colaboración na actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Vilaboa.

Estes traballos desenvoltos por persoal municipal supuxeron a incorporación de 132 novas unidades de instalación e 17 metros lineais de documentación, que corresponde ós dous últimos anos, que veñen de ser revisadas e incorporadas os instrumentos de descripción, actualizando a información que deste arquivo se ofrece dende a páxina web.

Esta actuación enmárcase dentro dun proceso de asistencia técnica permanente ós concellos en materia de patrimonio documental, que no caso concreto do arquivo municipal de Vilaboa, se iniciou en 1985 e se desenvolveu en sucesivas fases de profundización informativa e de actualización e informatización nos anos 1986, 1992, 1999, 2000, 2001, 2004 e 2007.

O resultado vén ser un conxunto documental organizado, debidamente instalado, de fácil manexo e consulta e de conservación garantida, composto por un total de 1.806 unidades de instalación, con documentación principalmente do século vinte, con datas extremas que van de 1856 ata o 2007.

Dispón o arquivo dos instrumentos suficiente para o seu manexo e control, especialmente a base de datos do inventario descriptivo formado por 13.533 rexistros que detallan a nivel de expediente a maior parte dos fondos.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación do libro "La correspondencia gallega" e o desastre do 98. De cómo os pontevedreses viviron a perda de Cuba e Filipinas

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
11 DECEMBRO 2007

A Editorial da Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro martes, día 11 de decembro, ás 20.00 horas, no pazo provincial da Deputación de Pontevedra, o libro "La correspondencia gallega" e o desastre do 98. De cómo os pontevedreses viviron a perda de Cuba e Filipinas.

Á presentación asistirá o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, a vicepresidenta da Deputación de Pontevedra, Teresa Pedrosa Silva, o decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Alberto Pena Rodríguez, o presidente da sociedade San Vicente de Paúl, Ramón Millán González-Pardo, o enxeñeiro forestal Ricardo García Barragán e o autor do libro, Xosé Miguel Alonso Boó.

É esta unha crónica das guerras de Cuba e Filipinas, tras a que se expediu o certificado de defunción do vello imperio español. Narra cómo os habitantes da cidade do Lérez –tamén os subscriptores espallados pola provincia e mesmo por outros recunchos de Galicia- viviron o "desastre do 98" a través das páxinas do rotativo "La Correspondencia Gallega", que rexentaba un pontevedrés ilustre, o impresor José Millán.

Mantendo os conflitos coloniais de finais do século XIX como fío condutor, a presente obra pretende descubrirlle ó lector –despois dunha necesaria aproximación introductoria sobre o nacemento e contidos do diario a analizar- as reviravoltas da información que, das guerras de Cuba e Filipinas, ocupaban as páxinas do xornal; unha información que dende a perspectiva actual seguramente sería insuficiente, pero que pon de relevo moreas de datos, anécdotas, informes e polémicas non publicadas ata o de agora.

O texto definitivo é froito dunha extensa documentación, grazas á que o autor puido dar vida ós capítulos nos que se debullan os fenómenos do patrioterismo, o enfermizo interese por toda a liturgia militar, o papel desempeñado pola prensa ou os fenómenos do rexionalismo e a Xeración do 98. Trátase dun traballo máis xornalístico ca histórico, sen estar exento de contrastes historiográficos realizados polo autor, que achega unha visión particular do "Desastre do 98".

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo Técnico Patrimonio Documental continuou a desenvolver no ano 2007 actuacións de organización e descripción do patrimonio documental da provincia

Presto da metade dos concellos da provincia recibiu no ano 2007 asistencia técnica en materia de patrimonio documental por parte de Servizo Técnico de patrimonio Documental. Para elo ademais dos medios humáns propios, contouse coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte, coa que se firmou un oportuno e productivo convenio para esta finalidade.

Dentro da variedade de actuacións desenvoltas, salientar que neste ano rematouse o proceso de reorganización integral e actualización de acordo co novo cadre de clasificación do arquivo municipal de SOUTOMAIOR, logo de teren resolto o problema espacial coa ampliación da casa do concello.

Desenvolvéronse actuacións de asistencia técnica e reincorporación documental nos arquivos municipais de CATOIRA, TOMIÑO, SALCEDA DE CASELAS, RIBADUMIA, MEAÑO, BARRO, MONDARIZ, OIA, BAIONA, VILA DE CRUCES, SALVATERRA DE MIÑO, A ILLA DE AROUSA, VILAGARCÍA DE AROUSA, CALDAS DE REIS, MOAÑA, A GUARDA, DOZÓN, MORAÑA, CUNTIS, todos eles sen persoal propio ó seu cargo e necesitados deste tipo de actuacións para garantir tanto organización como conservación.

Asemade leváronse a cabo asistencias técnicas relativas a actualización dos instrumentos de descripción e da informatización nos arquivos municipais de BUEU, VILABOA, SANXENXO, POIO, REDONDELA, O ROSAL e TUI, en colaboración directa co persoal que en cada un deles se ocupa dos diferentes procesos a desenvolver no arquivo.

Coincidindo cos traballos realizados no arquivo municipal, levouse a cabo a incorporación e actualización da documentación xerada no Xulgado de Paz de MORAÑA.

Como elemento importante na salvagarda e conservación dos documéntaos das entidades locais procedeuse a execución do plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais, dando continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parásitos que afectan en gran número á integridade e estabilidade dos compoñentes materiais dos documentos. Incluí dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación, actuándose nun total de 56 arquivos municipais.

Hemeroteca e Biblioteca actualizan as bases de datos e seguen aumentando os seus fondos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 13 DECEMBRO 2007

A Biblioteca Suárez Llanos incrementou os seus fondos no mes de novembro nun total de 102 novos títulos. Esto foi posible grazas á doazón dun lote bibliográfico das seguintes institucións:

- Club de Prensa de Ferrol
- Diputación de Sevilla
- Asociación Cultural Barbantia (Boiro)
- Parque nacional Illas Atlánticas de Galicia
- Arquivo Diocesano de Ourense

En concepto de intercambio bibliográfico, recibíronse publicacións da Deputación Provincial da Coruña e, asemade, estableceuse por vez primeira o intercambio de publicacións co Centro Arqueolóxico do Barbanza (Boiro).

A información de todos os fondos da sección "Galicia" está dispoñible a través do catálogo en liña da Biblioteca, no que se poden consultar as referencias bibliográficas, tanto en formato etiquetado coma ISBD.

Por outra parte no pasado mes de novembro, a Hemeroteca da Deputación de Pontevedra incrementou os seus fondos cos seguintes exemplares:

TÍTULOS XA EXISTENTES NO FONDO

- ALBERRI, nº 17.
- ANABAD. Boletín de la Confederación de Asociaciones de Archiveros, Bibliotecarios, Museólogos y Documentalistas, nº LVI (3), LVI (4).
- ANALES DE GEOGRAFÍA DE LA UNIVERSIDAD COMPLUTENSE, nº 27.
- ANUARIO BRIGANTINO, nº 29.
- APROINCO. Revista de actualidad inmobiliaria, nº 56.
- ARCHIVAMOS. Boletín ACAL (Archiveros Castilla y León), nº 64, 65.
- ATENEA. Revista trimestral do Ateneo Ferrolán, nº 29.
- BOLETÍN DE ESTUDIOS DEL SEMINARIO FONTÁN – SARMIENTO, nº 8, 9, 15 y 22.
- CEDOFEITA. Revista da Asociación Socio-Cultural de Lérez, nº 11.
- CÍRCULO DE DIRIGENTES, nº 112, 113.
- CONTRASTES. Revista Informativa da Asociación Artístico Cultural de Pontevedra, nº 5.
- DELIBROS. Revista del libro, nº 214.
- ESCOLAS OBRADOIRO, CASAS DE OFICIO E OBRADOIROS DE EMPREGO EN GALICIA, 2006.
- ESTUDIOS MINDONIENSES. Anuario de estudios histórico - teológicos de la diócesis de Mondoñedo – Ferrol, nº 23.
- EL EXTRAMUNDI Y LOS PAPELES DE IRIA FLAVIA. Revista Trimestral Fundada por Camilo José Cela, nº 49, 50.
- FUNDACIÓN, A. Revista oficial da Asociación de Amigos do Museo Etnológico e do Conxunto Histórico de Ribadavia, nº 12.
- INDUSTRIAS PESQUERAS. Revista marítima quincenal, nº 1933, 1934.
- MATHESES. Boletín de divulgación matemática, nº 11, 12.
- NALGURES. Asociación Cultural de Estudios Históricos de Galicia, nº 2.
- OBRADOIRO. Revista do Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, nº 32.
- PAZOS DE GALICIA, nº 5.
- PORTA DA AIRA. Revista de Historia del Arte Orensano, nº 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11.
- PRAZA DAS LETRAS, nº 4.

- PROVIGO. Observatorio de empleo para Vigo y su área de influencia, nº 6.
- PROVIGO. Observatorio Socio-Económico de Vigo y su área, 2º semestre 2006.
- REVISTA GENERAL DE INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN, nº 17 (1).
- REVISTA XURÍDICA GALEGA, nº 52.
- TEMPOS NOVOS. Revista Mensual de Información para o Debate, nº 126.
- XISTRAL, O. Voceiro do Centro Galego de Bizkaia, nº 6, 7, 10, 15, 16, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41 y 42.

NOVAS PUBLICACIÓNS

- BARBANTIA. Anuario de Estudos do Barbanza.
- DIVERSARUM RERUM. Revista de los Archivos Catedralicio y Diocesano de Ourense.
- ENSAIO. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal.
- PATRIA GALLEGA, La. Boletín-Revista de la Asociación Regionalista (Edición facsimilar).

A Hemeroteca segue a completar a información de todos os sumarios das súas publicacións periódicas, que poden consultarse xa no catálogo en liña da Hemeroteca.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal contratado pola Deputación actualiza o arquivo municipal de caldas de Reis

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.403 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
14 DECEMBRO 2007

Logo de seis meses de traballo o Servizo Técnico de Patrimonio Documental da Deputación ven de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal logo da mellora das súas instalación e da dotación dos equipamentos necesarios para dispor dun espazo minimamente axeitado para esta función na parte posterior da planta baixa da casa do Concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental, ó concello de Caldas de Reis, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nela incorporáronse 1.269 novas unidades de instalación, o que supón cerca de cento cincuenta metros lineais de documentación, moita transferida debido á reforma do edificio.

Dende o primeiro proceso en 1983-1984 leváronse a cabo un total de seis actualizáns, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta este arquivo cun total de 3.403 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1799 e 2007, moita en mal estado de conservación debido a carencia de coidados en moitas fases. Dispón este conxunto documental dunha base de datos formada por 19.751 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O arquivo actual dispón, nunha superficie superior ós setenta metros cadrados distribuídos en catro salas, dos equipamentos requeridos para a conservación documental, con estantes metálicos, ficheiro, mesas de tratamiento e consulta, ventilación e iluminación suficiente; melloraranse nun futuro inmediato os sistemas de regulación de temperatura e humidade ambiental que impida o deterioro do seu rico patrimonio documental.

Copyright © 2002-2007, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A asistencia técnica os arquivos municipais da provincia supuxo a incorporación de 13.406 unidades de instalación no 2007

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
21 DECEMBRO 2007

Os diferentes procesos de asistencia técnica os concellos da provincia, desenvolvéronse no ano 2007 e trinta arquivos municipais diferentes, tal e como se reflicte na documentación gráfica do presente documento, o que supón praticamente a metade dos existentes na provincia.

Esto supuxo a transferencia ós diferentes arquivos e a incorporación ós seus depósitos documentais, logo da súa clasificación, ordenación e descripción de 13.406 unidades de instalación, en volume desigual atendendo ó nivel de produción da cada administración local e o período de tempo transcorrido dende anteriores procesos de asistencia técnica.

Destacan polo número de unidades de instalación incorporadas o arquivo municipal de Soutomaior, reorganizado na súa totalidade, e os de Sanxenxo, Caldas de Reis, Tomiño ou Moaña. Pola contra os arquivos municipais nos que se incorporou nova documentación, en menor cantidade foron os de Fornelos de Montes, Poio, Dozón, Barro, Vila de Cruces e Tui, en moitos casos porque as transferencias fanse de modo más regular ou se tiña actuado neles recentemente, tanto por persoal dos propios concellos como polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación de Pontevedra.

Con estas actuacións incorporáronse no 2007 e nos diferentes arquivos municipais que recibiron asistencia técnica un total de 1.655 metros lineais de documentación, de acordo coa distribución que se achega no cadro seguinte.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

O Servizo Técnico Patrimonio Documental continuou a desenvolver no ano 2007 actuacións de organización e descripción do patrimonio documental da provincia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
21 DECEMBRO 2007

No ano 2007 preto da metade dos concellos da provincia recibiu asistencia técnica en materia de patrimonio documental por parte de Servizo Técnico de patrimonio Documental. Para isto ademais dos medios humáns propios, contouse coa colaboración da Consellería de Cultura e Deporte, coa que se firmou un oportuno e produtivo convenio para esta finalidade.

Dentro da variedade de actuacións desenvoltas, salientar que neste ano rematou o proceso de reorganización integral e actualización de acordo co novo cadre de clasificación do arquivo municipal de SOUTOMAIOR, logo de teren resolto o problema espacial coa ampliación da casa do concello.

Desenvolvérónse actuacións de asistencia técnica e reincorporación documental nos arquivos municipais de CATOIRA, TOMIÑO, SALCEDA DE CASELAS, RIBADUMIA, MEAÑO, BARRO, MONDARIZ, OIA, BAIONA, VILA DE CRUCES, SALVATERRA DE MIÑO, A ILLA DE AROUSA, VILAGARCÍA DE AROUSA, CALDAS DE REIS, MOAÑA, A GUARDA, DOZÓN, MORAÑA e CUNTIS, todos eles sen persoal propio ó seu cargo e necesitados deste tipo de actuacións para garantir tanto organización como conservación.

Asemade leváronse a cabo asistencias técnicas relativas a actualización dos instrumentos de descripción e da informatización nos arquivos municipais de BUEU, VILABOA, SANXENXO, POIO, REDONDELA, O ROSAL, TUI, FORNELOS DE MONTES e NIGRÁN, en colaboración directa co persoal que en cada un deles se ocupa dos diferentes procesos a desenvolver no arquivo.

Coincidindo cos traballos realizados no arquivo municipal, levouse a cabo a incorporación e actualización da documentación xerada no Xulgado de Paz de MORAÑA.

Como elemento importante na salvagarda e conservación dos documentos das entidades locais procedeuse a execución do plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais, dando continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parásitos que afectan en gran número á integridade e estabilidade dos compoñentes materiais dos documentos. Incluíu dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación, actuándose nun total de 56 arquivos municipais.

Copyright © 2002-2008, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos. | Aviso Legal
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>